

En 2014 continúan as Masas críticas por todo o país

Unha vez por mes celebramos unha masa crítica nas principais cidades galegas. Ciclousuarios de tódalas idades reúnen para pedalear xuntos convencidos de que a bici presenta claras vantaxes respecto aos medios motorizados: permite realizar actividade física, non xera contaminación acústica nin atmosférica e pacifica o tráfico facendo das rúas espazos máis humanos.

Os encontros son bastante directos: celébranse unha vez ao mes, nunha data e un lugar fixos para que a xente saiba onde e cando é. O punto de encontro sempre é coñecido e de fácil acceso para os ciclistas, e conta con espazo dabondo para que un gran número de xente se poida xuntar antes do paseo.

Compostela:
Mércores 29 de Xaneiro ás 20:30 dende a praza Roxa

Pontevedra:
Xoves 30 de Xaneiro ás 20:00 dende a praza da Peregrina

Lugo: Xoves
30 de Xaneiro ás 20:30 dende a praza Maior

Ourense: Xoves
30 de Xaneiro ás 20:30 dende o parque San Lázaro

Vigo:
Venres 31 de Xaneiro ás 20:00 dende a praza América

A Coruña:
Venres 7 de Febreiro ás dende Maria Pita